



BENVIDOS CURSO 2020/2021

Desde o equipo de Educación Infantil gustaríanos trasladar ás familias a nosa ilusión por este novo curso que comeza.

Para nós é moi importante que a educación sexa **presencial**, e intentaremos na medida do posible que se poida manter así todo o curso.

Estamos traballando duro para que a volta ao cole sexa o máis **segura** posible, que poida seguir sendo un **motivo de ilusión** tanto para o alumnado como para as súas familias.

Sabemos que non vai ser fácil, pero xuntos conseguiremoslo.

MOITO ÁNIMO!!

POR FAVOR, LEDE ATENTAMENTE AS INDICACIÓNS QUE CONTÉN ESTA CIRCULAR!!

1.- COMEZO DAS CLASES E HORARIOS:

3 ANOS: horarios e días de asistencia ao centro segundo se indica no período de adaptación, que está exposto no taboleiro será enviado ás familias por correo electrónico.

4 ANOS: día **10 de setembro**, en horario de 9.00h a 13.50.

5 ANOS: día **11 de setembro**, en horario de 9.00h a 13.55.

VER PROTOCOLO DE ENTRADAS E SAÍDAS DE EDUCACIÓN INFANTIL (pax.33 e 34), E DE ALUMNADO TRANSPORTADO (pax.28)

Terán que traer unha mochila con:

- Alimento para media mañá:
- Botella de auga.
- Máscara de reposto.
- Portamáscaras para deixar a máscara que están usando durante a toma do tentempé.

TODO O QUE TRAIAN NA MOCHILA DEBERÁ VIR MARCADO CO SEU NOME, PARA EVITAR POSIBLES CONFUSIÓNS!!
Botellas, paquetes de galletas, caixiñas con comida, envoltorios, iogures, máscara, portamáscara... TODO!!

O **servizo de comedor** estará aberto desde o día **10 de setembro**. A hora de saída é ás **15.00h** e as familias recollerán ao alumnado non transportado pola porta dereita do patio.

2.-PROTOCOLO COVID:

É moi importante que todas as familias **lean con calma o protocolo**. Tomen nota dos aspectos que lle afectan directamente, e cumpran con todas as indicacións. Preguntade sempre calquera dúbida que poida xurdir.

3.-COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS:

Toda a información de interese sobre o colexio, será publicada na **páxina web do centro**, que deberá ser revisada a diario por posibles cambios no protocolo ou notificacións urxentes

A relación coas familias farase fundamentalmente a través do correo electrónico e do teléfono.

A maiores, cada familia terá que ter instaladas as seguintes aplicacións gratuítas:

- CISCO WEBEX: para facer videoconferencias, tanto para facer as titorías, como para estar en contacto cos nenos en caso de confinamento. Pode instalarse tanto no móbil coma no ordenador (*para videoconferencias colectivas recomendamos a utilización no ordenador*).
- ABALAR MÓBIL: Aplicación da Xunta de Galicia, para recibir comunicacións dos titores, mensaxes de interese, ver publicadas as notas de cada avaliación...
- CLASS DOJO: para facer un seguimento da evolución do voso fillo na aula, recibir información, imaxes... Moi útil, tanto cando a clase sexa presencial, como en caso de confinamento, para recibir instrucións e suxerencias de traballo na casa. (*pódese utilizar no móbil e no ordenador*).

Para a utilización desta aplicación recibiredes información máis precisa.

Estas aplicacións terán que estar activas o máis pronto posible, xa que segundo instrucións da Xunta de Galicia, a finais do mes de setembro teñen que estar en pleno funcionamento, despois de comprobar e solucionar dificultades que se poidan presentar.

4.- NORMAS XERAIS:

- A hora de **entrada ao colexio** será as **9:00 h**. Pregamos a máxima puntualidade. Cando teña entrado todo o alumnado de Infantil pecharanse as portas de acceso ao centro, e soamente se poderá acceder, chamando ao timbre da porta principal. O familiar terá que pasar por conserxería.

- Se por motivos excepcionais algún neno/a tivera que **incorporarse máis tarde** ao centro, recoméndase que agarde á hora do recreo (de 11:45 a 12:15). Se por calquera motivo tivera que ausentarse dentro do horario, a persoa que o recolla deberá cubrir un xustificante na conserxería ou secretaría.
- **Este curso NON SE UTILIZARÁ MANDILÓN por razóns de hixiene:** deberán vir vestidos **todos os días** con roupa cómoda.

A VESTIMENTA IDEAL SERÍA:

- **Chándal con chaqueta de cremallera.**
- **Pantalón con goma elástica, sen cordóns atados.**
- **Calzado de velcro.**

¡¡TODA A ROUPA DEBERÁ VIR MARCADA CO SEU NOME!!

- Cada neno/a traerá unha **mochila-saco** de tea fina (de 35 x 40cm aprox) co nome **VISIBLE**:



- **Para a media mañá,** na mochila, traerá unha botella de auga, tamén co nome e un pequeno tentempé. Recomendamos que o alimento que traian ao cole siga as instrucións do **MENÚ SAUDABLE** (*Ver cadro anexo ao final deste documento*)
- Os nenos/as que nalgún momento presenten un **problema de incontinencia**, chamarase a casa para que os veñan a cambiar. A persoa que veña cambiar ao neno/a terá que pasar por conserxería e de alí será acompañado á sala habilitada para a situación.
- Durante este curso ou mentres dure a situación de alarma sanitaria, **non celebraremos os aniversarios do alumnado na aula.**

- A hora de **titoría será os luns de 15:00h a 16:00h**. O protocolo da Xunta recomenda que este curso se fagan de xeito telemático, por videoconferencia, ou por teléfono.
Se tivera que ser presencial, realizariámola nun espazo habilitado para a ocasión.
Poderedes falar tanto coa titora como con calquera dos profesores que lles dan clase aos vosos fillos.
Pregamos de xeito especial que ante calquera dúbida, malentendido... se fale directamente coa titora.

MENÚ SAUDABLE

LUNS: elección libre entre os menús propostos o resto da semana.

MARTES: lácteo, queixo, iogur (**non** traer bebible tipo "actimel")

MÉRCORES: bocadillo

XOVES: froita fresca, froitas deshidratadas...

VENRES: galletas, cereais.

*O alumnado de 4 anos recibirá información de modificacións que se farán respecto deste menú